

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 8 DE FEBREIRO DE 2018,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA

- Decreto polo que se declara en concreto a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción dun itinerario peonil e ciclista na PO-308, treito: O Covelo – Raxó (p.q. 8 + 190 a 11 + 890), de clave: PO/16/102.06, no Concello de Poio.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Acordo polo que se nomea presidente do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Acordo polo que se nomean vogais do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Acordo polo que se autoriza o inicio da tramitación do Anteproxecto de Lei de Administración dixital de Galicia e se encarga o seu impulso á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.
- Acordo de adhesión ao compartimento Facidade Financeira do Fondo de Financiamento a comunidades autónomas correspondente ao primeiro trimestre de 2018 creado polo Real decreto Lei 17/2014, do 26 de decembro, de medidas de sustentabilidade financeira das comunidades autónomas e entidades locais e outras de carácter económico, e de adopción de medidas complementarias.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza o expediente de contratación da Consellería de Economía, Emprego e Industria, a través da Axencia Galega de Innovación (GAIN), para a contratación, mediante a modalidade de compra pública precomercial, da xestión e seguridade de tráfico para espazos aéreos compartidos por UAVs (Fase solucións AIRE), cun valor estimado de cinco millóns de euros (5.000.000 €), sen IVE, e un importe de licitación de seis millóns cincuenta mil euros (6.050.000 €) IVE incluído.

INFORMES

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Informe sobre o expediente de contratación, mediante a modalidade de compra pública innovadora, polo procedemento de diálogo competitivo, dun servizo de solucións para xestión e control forestal mediante vehículos aéreos non tripulados (Exp.: Civil UAVs Initiative Fase II (RFP-B): xestión forestal-TIERRA-4).
- Informe sobre a orde pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións a empresas privadas, en réxime de concorrencia competitiva, para a loita contra o po no sector mineiro en Galicia e se convocan para o ano 2018 (código de procedemento IN317A).
- Informe sobre a posta en marcha de cursos de formación para persoas traballadoras ocupadas.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Informe sobre o reforzo dos cadros de persoal técnico dos servizos sociais comunitarios municipais no marco do Plan concertado no exercicio 2017.

CONSELLERÍA DO MAR

- Informe sobre a convocatoria das axudas (procedemento PE209B) da Orde do 20 de decembro de 2017 pola que se establece a convocatoria para o ano 2018 e se particulariza o seu importe global máximo, para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas a proxectos colectivos, financiados polo FEMP, para a conservación e restauración da biodiversidade e dos ecosistemas mariños no marco de actividades marisqueiras sustentables, tramitada como anticipado de gasto.

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA AS EXPROPIACIÓNS PARA A EXECUCIÓN DE CASE 4 QUILÓMETROS DE SENDA ENTRE COVELO E RAXÓ, NO CONCELLO DE POIO, CUN INVESTIMENTO DE MÁIS DE 2 MILLÓNS DE EUROS

- *Esta actuación na estrada PO-308 permitirá completar un itinerario seguro e sustentable entre as travesías de Samieira e de Raxó, conectando coas beirarrúas xa existentes*
- *A senda permitirá incrementar a seguridade viaria nunha zona con moitas vivendas e alta actividade nas marxes da estrada, que rexistra unha grande intensidade de tráfico*
- *Como obras adicionais prevese habilitar zonas de aparcadoiro, renovar a sinalización vertical e substitución dos elementos de iluminación necesarios*
- *Ademais desta senda, a Xunta prevé eliminar os treitos de concentración de accidentes identificados neste treito de estrada, reformando as principais interseccións*
- *O obxectivo do Goberno galego é iniciar este ano as obras de ambas as dúas actuacións*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o Decreto polo que se declara a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción dun itinerario peonil e ciclista na estrada PO-308, entre O Covelo e Raxó, no termo municipal de Poio.

O decreto de utilidade pública comprende a expropiación dos 46 predios, cun custo estimado de preto de 42.000 euros, que farán posible levar a cabo esta actuación, que suporá un investimento de máis de 2 millóns de euros.

A actuación prevista ten por finalidade completar un itinerario seguro e sustentable entre a travesía de Samieira, en concreto, no punto de intersección co acceso á praias e ao porto de Covelo, ata o final da travesía de Raxó, onde conectará coas beirarrúas xa existentes en Dorrón. En total, serán 3,7 quilómetros de senda, entre o p.q. 8 + 200 da estrada e o p.q. 11 + 890, completando as beirarrúas xa existentes nalgún dos treitos, e repartíndose entre 2,3 quilómetros pola marxe esquerda e 1,4 pola dereita.

Prevese actuacións complementarias coma a dotación de zonas de aparcadoiro onde o espazo o permite; a instalación de sistemas de recollida das augas de drenaxe necesarios; a extensión dunha capa de rodadura no tramo inicial da travesía de Raxó; a renovación da sinalización vertical e a recolocación da iluminación nos tramos precisos.

Trátase dun treito de estrada de características moi urbanas, con numerosas vivendas e actividade nas marxes da estrada, polo que a construción da senda, ademais de

facilitar unha mobilidade sustentable, mellorará de forma moi notable a seguridade nos desprazamentos para os veciños e usuarios dos restaurantes da zona.

Esta senda forma parte do conxunto de actuacións programadas pola Xunta no marco do Plan de sendas de Galicia para a comarca do Salnés. Hai que ter en conta que a actuación prevista na PO-308 no concello de Poio se completa coas sendas que se están a desenvolver na mesma estrada no municipio de Sanxenxo, en concreto entre A Lanzada e Portonovo.

As sendas forman parte do proxecto de fomento da mobilidade sustentable para o que a Xunta conta con financiamento europeo procedente do programa operativo Feder Galicia 2014-2020.



Ademais desta senda, a Consellería de Infraestruturas e Vivenda ten previsto acometer outra actuación paralela nesta estrada, no concello de Poio, para eliminar os treitos de concentración de accidentes identificados entre o p.q. 8 + 700 e o 12 + 700.

Ese proxecto, enmarcado na estratexia da Xunta para eliminar nesta lexislatura todos os treitos de concentración de accidentes das estradas autonómicas, está actualmente

en proceso de información pública e prevé a reforma das principais intereseccións da vía, incluíndo a execución de sendas na contorna deses cruzamentos.

A Xunta prevé iniciar este mesmo ano as obras tanto da senda, que será licitada nas próximas semanas, como de eliminación dos “puntos negros”.

A XUNTA NOMEA OS MEMBROS DO TRIBUNAL ADMINISTRATIVO QUE VAI RESOLVER OS RECURSOS ESPECIAIS NO EIDO DA CONTRATACIÓN PÚBLICA

- *O presidente deste organismo será o letrado Santiago Valencia, actual xefe de Asuntos Constitucionais da Xunta*
- *Os vogais, Ana María de Frutos e Tomás Ferreiro Otero, tamén son funcionarios de carreira*
- *Con este tribunal Galicia poderá resolver os recursos especiais que se presentan no eido da contratación, unha función que agora realiza o Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais, dependente do Ministerio de Facenda*
- *O tribunal actuará con independencia no exercicio das súas competencias e o seu ámbito de actuación tamén incluírá a Administración local e as universidades*

O Consello da Xunta acordou hoxe o nomeamento dos tres membros do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, un organismo que se encargará de resolver os recursos especiais no eido da contratación administrativa. A presidencia do tribunal será ocupada polo letrado Santiago Valencia, actual xefe de Asuntos Constitucionais da Xunta de Galicia, mentres que os dous vogais serán Ana María de Frutos e Tomás Ferreiro Otero. Os tres membros do tribunal son funcionarios de carreira.

Santiago Valencia Vila naceu en 1973 e licenciouse en Dereito pola Universidade da Coruña. É funcionario de carreira de Xunta e pertence á escala de letrados da Xunta desde 1998 –accedeu como número un da súa promoción. Na actualidade, é o xefe de gabinete de Asuntos Constitucionais na Asesoría Xurídica Xeral da Xunta. Previamente exerceu de letrado en distintos destinos da Administración autonómica.

En canto ás dúas persoas nomeadas vogais, Ana María de Frutos Martínez naceu en 1962 e licenciouse en Dereito pola Universidade de Santiago. É funcionaria de carreira do corpo superior da Xunta desde 1985. Ata agora desempeñaba o cargo de xefa do servizo do Rexistro Xeral e Información á Cidadanía da Xunta, dependente da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

O outro vogal nomeado hoxe é Tomás Ferreiro Otero, nacido en 1974 e licenciado en Dereito pola Universidade de Santiago de Compostela. É funcionario de Administración local con habilitación de carácter nacional desde 2001, e na actualidade é xefe do Servizo de Xestión e Coordinación Administrativa na Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, na Consellería de Política Social.

Coa posta en marcha deste tribunal, que se producirá nas vindeiras semanas unha vez que os nomeamentos se publiquen no DOG, Galicia asumirá unha competencia que neste momento é desenvolvida polo Estado, dado que na actualidade os recursos

especiais –os de maior relevancia na contratación pública- no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia son resoltos por un órgano adscrito ao Ministerio de Hacienda.

As tres persoas nomeadas hoxe foron seleccionadas logo dunha convocatoria pública na que se estableceu que o presidente do tribunal debe ser funcionario de carreira, de corpo ou escala para cuxo acceso fose requisito necesario o título de licenciado ou grao en Dereito e cunha experiencia profesional superior aos dez anos; mentres que os vogais tamén se designarían entre aqueles funcionarios de carreira que contasen co título de licenciado ou grao en Dereito e que tivesen unha actividade profesional superior a dez anos.

A duración do mandato dos membros do tribunal será de seis anos, aínda que a primeira renovación do tribunal se realizará de forma parcial aos tres anos do nomeamento.

Funcións

O Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma actuará con total independencia no exercicio das súas competencias, e terá entre as súas funcións o coñecemento e resolución dos recursos especiais en materia de contratación. Entre eles figuran os contratos de obras cuxo valor estimado sexa superior aos tres millóns de euros, ou de subministración e servizos que teñan un valor estimado superior aos 100.000 euros.

Tamén resolverá os recursos referentes a acordos marco que teñan por obxecto a celebración dalgún dos contratos antes mencionados, e os recursos por concesións de obras ou de servizos cuxo valor estimado supere os tres millóns de euros.

O ámbito de competencia deste tribunal abarcará a Xunta e as entidades do sector público autonómico que teñan a consideración de poder adjudicador; as entidades locais, e as súas respectivas entidades que sexan poder adjudicador; e por último as universidades públicas.

Durante o ano 2016 –último ano con datos- o Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais resolveu 173 reclamacións procedentes de Galicia, segundo os datos publicados polo Ministerio de Facenda e Función Pública. Este tipo de recursos serán asumidos pola Comunidade Autónoma de Galicia coa posta en marcha deste tribunal.

A LEI DE ADMINISTRACIÓN DIXITAL DE GALICIA SERÁ O MARCO NORMATIVO PARA UNIVERSALIZAR UNS SERVIZOS PÚBLICOS DIXITAIS E PROACTIVOS

- *O Consello da Xunta autorizou hoxe o inicio da tramitación do Anteproxecto de Lei para acadar unha administración integramente dixital*
- *Consolida a sede electrónica como o punto de acceso único na rede a calquera recurso ou servizo da Administración*
- *Potencia a carpeta do cidadá, que concentrará toda a información persoal e administrativa do usuario, facilitándolle a xestión en liña e a prestación de servizos personalizados*
- *Considera a transformación das oficinas de rexistro en oficinas de atención á cidadanía, que prestarán asesoramento na xestión en liña*
- *Créase a figura do funcionario habilitado, que poderá realizar trámites telemáticos en nome doutra persoa*
- *Por primeira vez formúlase a creación dun marco galego de competencias dixitais para a cidadanía e un plan de capacitación dixital do emprego público*
- *Incorpora a configuración dixital de procedementos e servizos para que teñan un funcionamento plenamente electrónico*

O Goberno galego autorizou hoxe o inicio da tramitación do Anteproxecto de Lei de administración dixital de Galicia (LEDIXGA) co que busca acadar un marco normativo único para consolidar unha administración integramente dixital, máis accesible e proactiva.

A lei estrutúrase en oito títulos e 127 artigos que adaptan á realidade do sector público autonómico as obrigas das leis estatais 39 e 40/2015 para regular os aspectos fundamentais que permitan universalizar o uso e o acceso da cidadanía aos servizos públicos dixitais, así como os instrumentos de funcionamento interno para a xestión dixital da Administración.

A sede electrónica e a carpeta do cidadá

A lei consolida a sede electrónica da Xunta como o punto de acceso único, sinxelo e accesible, na rede a calquera recurso ou servizo da Administración. En liña con este obxectivo, vén de poñerse en funcionamento unha nova sede electrónica centrada no usuario, máis accesible, funcional, con segmentación por colectivos, e procedementos agrupados por ámbitos de interese para determinados colectivos.

A lei dá especial relevancia á carpeta do cidadá, que na nova sede xa se configura como o espazo privado de cidadáns e de empresas, no que poden xestionar en liña toda a información referente aos seus trámites administrativos e consultar o estado destes con todas as garantías de seguridade.

Ademais, na carpeta estará toda a información de carácter persoal e administrativo dispoñible na Administración pública de xeito ordenado e sinxelo: os datos persoais, os expedientes, os apoderamentos, as notificacións electrónicas e resolucións de actos administrativos.

Con base nesta información a Administración poderá prestar servizos personalizados e proactivos, baseados non principio de “só unha vez”, é dicir, evitando a reclamar a petición daquela documentación que xa consta na carpeta do cidadán.

Oficinas de atención á cidadanía e funcionario habilitado

Entre as principais novidades da Lei está a transformación das actuais oficinas de Rexistro nunha Rede de oficinas de atención á cidadanía nas que se prestará asistencia aos cidadáns na xestións en liña coa Administración, tanto na presentación de escritos, solicitudes e documentación como na tramitación da identificación dixital ou na formalización de apoderamentos de representación.

Nesta liña, a lei tamén establece a posta en marcha da figura do funcionario habilitado, que posibilitará que unha persoa autorizada ou un funcionario poda realizar trámites telemáticos en nome doutra persoa. Con tal fin, a norma establece a creación do Rexistro electrónico xeral de apoderamentos.

Capacitación dixital

A norma define, por primeira vez, a creación dun marco galego de competencias dixitais, tomando como referencia o marco común da Comisión Europea nesta materia, para que os cidadáns poidan acreditar os seus coñecementos dixitais e mellorar as súas competencias profesionais. Ademais, promoverase a inclusión dixital con actuacións de formación en función do nivel (alfabetización, capacitación e innovación dixital), na que a Rede de Aulas CeMIT constituirá un instrumento de apoio importante.

Así mesmo, a lei considera a definición dun plan de capacitación dixital do empregado público dirixido a todas as persoas que traballan nas administracións públicas galegas e que permitirá acadar o certificado galego de competencias dixitais.

Regulación para o funcionamento dixital interno

A lei regula o arquivo electrónico administrativo como o elemento que albergará todos os expedientes do sector público autonómico en tramitación e os finalizados e a plataforma de interoperabilidade pasaXe! como o nodo para o intercambio de datos e documentos entre administracións públicas.

Para facilitar esta comunicación, crearase un Mapa de interoperabilidade das administracións públicas galegas, un inventario de datos e documentos que xa consten

en poder das administracións, o que permitirá avaliar a documentación máis demandada e priorizar a incorporación de novos servizos á pasaXe!

Entre as novidades que incorpora a lei, está a configuración dixital de procedementos administrativos e servizos para que teñan un funcionamento plenamente electrónico e ofrecer aos cidadáns uns servizos homoxéneos, personalizados e fáciles de utilizar. As directrices, de obrigado cumprimento, recóllense nas guías para a habilitación electrónica de procedementos e servizos.

Infraestrutura dixital

Establece que o Centro de Proceso de Datos (CPDI) e a rede corporativa da Xunta constitúen infraestrutura dixital básica necesaria para dar soporte á administración dixital, que deberán asegurar a prestación de todos os servizos dixitais a nivel de posto de traballo.

A norma senta as bases para o desenvolvemento do posto de traballo dixital do empregado público, que deberá ter como características básicas: permitir o uso de escritorios e aplicacións corporativas en calquera dispositivo e lugar; o emprego de terminais ou dispositivos adaptados aos perfís dos empregados públicos; e posibilitar contornas de traballo colaborativas e a creación de redes de usuarios con actividades comúns.

A Lei establece que a Xunta disporá dun Plan de continuidade dos servizos dixitais, que determinará os requisitos de seguridade, calidade e continuidade, as accións preventivas, correctivas e reactivas e o establecemento de responsabilidades que permitan garantir a dispoñibilidade dos servizos dixitais.

Innovación dixital e coordinación entre administracións

A lei prevé o fomento da innovación dixital para impulsar novas formas de prestar servizos e incrementar a satisfacción dos usuarios. Con este obxectivo, crearase un foro de innovación dixital no que poderán participar empregados das administracións públicas de Galicia para promover a xeración de ideas e novas solucións ou formas de traballo que permitan unha mellora continua do sector público.

Cómpre destacar, ademais, a creación dunha comisión de coordinación interadministracións para facilitar un desenvolvemento dixital cohesionado e promover a prestación conxunta de servizos dixitais.

Un dos instrumentos de coordinación será o catálogo de sistemas, aplicacións e infraestruturas que recollerán as aplicacións e sistemas dixitais, que utiliza o sector público autonómico para o seu funcionamento e a prestación de servizos á cidadanía.

A ese catálogo poderán adherirse outras administracións, co que facilita a reutilización, a interoperabilidade e a transferencia tecnolóxica.

Avaliación e seguimento

Para facilitar o seguimento dos avances na dixitalización e o seu impacto tanto no funcionamento interno como na relación cos cidadáns a norma considera a creación dun sistema de indicadores da administración dixital. A análise da información que proporcione o sistema, xa en marcha, permitirá introducir melloras na implantación dos servizos.

Ademais, aposta pola potenciación do Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización Tecnolóxica de Galicia como órgano asesor dixital para a extensión da modernización tecnolóxica da Comunidade Autónoma de Galicia.

A XUNTA AFORRARÁ OUTROS 46 MILLÓNS AO BENEFICIARSE ESTE ANO DO FONDO DE FINANCIAMENTO PARA COMUNIDADES QUE CUMPREN O DÉFICIT

- *O Consello da Xunta renova a adhesión a este fondo, reservado exclusivamente ás comunidades autónomas que cumpriron o obxectivo de déficit e débeda*
- *En global, a Administración galega poderá acceder neste 2018 a un importe máximo de 1.400 millóns de euros, a meirande parte para amortizacións*
- *O aforro acumulado a través deste mecanismo achégase os 400 millóns de euros*
- *Galicia é a comunidade de referencia no control do seu endebedamento e a que menos elevou o seu volume de débeda dende finais de 2008*

A Xunta de Galicia aforrará outros 46 millóns de euros en xuros da débeda ao beneficiarse neste ano 2018 do Fondo de Facilidade Financeira, o mecanismo de financiamento reservado pola Administración do Estado para aquelas comunidades autónomas que cumpren os obxectivos de déficit e de débeda. É por isto que neste momento só seis comunidades autónomas poden adherirse a este fondo, segundo os datos difundidos polo Ministerio de Facenda.

O Consello da Xunta aprobou hoxe o acordo de adhesión ao Fondo de Facilidade Financeira correspondente ao primeiro trimestre de 2018, o que supón o acceso a un financiamento de 690 millóns de euros. Con posterioridade, o Goberno galego completará a adhesión correspondente aos outros trimestres do ano, unha vez que a Administración do Estado aprrobe este mecanismo para o resto do exercicio.

Galicia pechou o exercicio 2017 cun déficit provisional do 0,21%, por debaixo do límite do 0,6% fixado polo Consello de Política Fiscal e Financeira para todas as comunidades autónomas. Grazas a ter cumprido co obxectivo de estabilidade orzamentaria, a Xunta pode acceder a un financiamento en condicións vantaxosas, xa que recibe este financiamento sen pagar ningún tipo de comisión nin gastos adicionais, cun período de carencia de dous anos e coa posibilidade de amortizar anticipadamente o préstamo en calquera momento.

A Administración galega poderá acceder neste 2018 a un importe máximo de 1.400 millóns de euros. O prazo da operación é de dez anos e a meirande parte deste importe destinarase a amortizacións de débeda. En total, coas operacións previstas durante este exercicio o aforro acumulado por Galicia a través deste mecanismo de financiamento acadará xa os 395 millóns de euros.

Galicia cumpre os requisitos

Debido ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria Galicia foi unha das poucas comunidades autónomas que conseguiu manter durante todos os últimos

anos a súa autonomía financeira, o que lle permitiu tomar as súas propias decisións e manter o seu autogoberno.

O Ministerio de Hacienda esixe ás comunidades autónomas dous requisitos principais para poder acceder ao Fondo de Facilidade Financeira, que ofrece unha condicións de financiamento máis vantaxosas que os mercados financeiros.

O primeiro requisito é cumprir os obxectivos de déficit e de débeda do ano anterior, algo que Galicia vén facendo nos últimos anos e que tamén fará no exercicio 2017, unha vez que o Ministerio de Facenda publique os datos de cumprimento dos obxectivos de déficit e débeda das comunidades autónomas. De feito, Galicia mantense como a comunidade de referencia neste eido e segue sendo a que menos recorreu ao endebedamento dende finais de 2008.

O segundo requisito é cumprir o prazo máximo de pagamento aos provedores, algo que Galicia tamén está a cumprir con normalidade. Así, o período medio de pagamento na Xunta mantívose en 2017 na contorna dos 10 días, moi por debaixo do límite legal de 30 días que establece a normativa estatal e sempre cun tempos mellores que a media autonómica.

A XUNTA IMPULSA A MELLORA DOS SERVIZOS PÚBLICOS A TRAVÉS DA INNOVACIÓN CON DÚAS NOVAS LICITACIÓNS DIRIXIDAS Á SEGURIDADE AÉREA E A XESTIÓN FORESTAL

- *As novas contratacións anunciadas hoxe no Consello, por 7,2 M€, veñen completar o total das previstas inicialmente no polo tecnolóxico e industrial de Rozas*
- *Permitirán desenvolver a seguridade de tráfico dos avións non tripulados no espazo aéreo e mellorar a xestión ambiental e a sustentabilidade dos bosques*
- *As oito xa publicadas o pasado ano estaban orientadas á xestión do territorio, dos recursos mariños, da frota pesqueira e das actividades agrarias, que se encontran agora no proceso de contratación para a súa próxima adxudicación*
- *As licitacións permitirán reforzar as oportunidades para o crecemento e mellora da competitividade tanto das empresas aeronáuticas como das pemes galegas e consolidar a Galicia como referente na compra pública innovadora*

A Xunta mantén a súa aposta pola innovación e, en concreto, pola compra pública innovadora como instrumento para estimular o impulso da I+D no tecido empresarial galego. Así, publicará este mes as dúas novas licitacións para o desenvolvemento de solucións innovadoras que empreguen vehículos non tripulados para mellorar a prestación de servizos públicos, no marco do desenvolvemento do polo tecnolóxico e industrial de Rozas.

Cun orzamento de 7,2 M€, estas dúas licitacións, que veñen completar as previstas inicialmente no proxecto de Rozas, permitirán mellorar a xestión e inventario da masa forestal da Comunidade, así como a seguridade do tráfico nas operacións de avións non tripulados no espazo aéreo, ao tempo que reforzarán as oportunidades para o crecemento e mellora da competitividade a través da innovación tanto das empresas aeronáuticas como das pemes galegas.

En concreto, o desenvolvemento de produtos e solucións para a mellora da seguridade aérea das operacións con avións non tripulados licitarase por 6,05M€. O obxectivo é impulsar a participación da industria galega no sector da seguridade aérea para atraer á Comunidade compañías de referencia, seleccionando unha ou varias empresas ou consorcios para dar resposta aos grandes retos da seguridade no espazo aéreo. Unha vez adaptados os vehículos non tripulados, poderán facer un uso similar ás unidades tripuladas, superando dificultades como a perda de enerxía e de sinal ou a incapacidade de detectar e evitar colisións. En definitiva, facilitará a convivencia, no espazo aéreo, de avións tripulados e non tripulados.

Pola súa parte, o desenvolvemento de solucións para o forestal licitarase por 1,15M€. Este proxecto permitirá obter información sobre a masa forestal nunca antes

dispoñible, proporcionando unha mellor xestión e control forestal, así como apoio na toma de decisións; mellorar a protección contra os incendios grazas á avaliación de franxas de seguridade; e mellorar a situación fitosanitaria dos bosques galegos.

Este mes a Xunta remitirá o anuncio de ambas as dúas licitacións ao Diario Oficial da Unión Europea e organizará un *workshop* para presentar estas contratacións. Tras o procedemento de contratación e adxudicación, os adxudicatarios disporán de dous anos para a súa execución.

Oito licitacións publicadas

Estas dúas licitacións súmanse ás oito xa publicadas, tanto as cinco da Axencia Galega de Innovación (Gain) como as tres de Amtega, coas que Galicia está a atraer 79 novos consorcios coa participación de 150 empresas e centros de coñecemento do sector aeroespacial que teñen interese en innovar para crear solucións baseadas en vehículos aéreos non tripulados que respondan ás necesidades da Xunta.

No caso das cinco xa publicadas por Gain, trátase dun xestor de conxunto de datos xeorreferenciados obtidos por UAVs; a adquisición, mantemento e automatización de bases topográficas e cartográficas; o seguimento das dinámicas de ocupación do solo e axuda á planificación territorial; o reforzo da seguridade marítima da frota pesqueira galega e das actividades de seguimento da súa actividade; e a automatización de mostraxes oceanográficas mediante vehículos non tripulados.

Por parte da Amtega as licitacións xa publicadas son o sistema de xestión de información xeorreferenciada; procesamento de información das explotacións agrarias galegas e sistema automatizado e intelixente da actividade agraria. Todas elas están en pleno procedemento de contratación para a súa próxima adxudicación.

O contido de todas estas contratacións é o resultado dun intenso proceso de consultas e de participación público-privada, que se estendeu durante máis dun ano e que permitiu identificar as solucións de maior impacto para o sector público de Galicia. Interviron máis de 200 empresas e a totalidade das consellerías, identificando tecnoloxías e funcionalidades de alto impacto susceptibles de cubrir necesidades de servizos públicos comúns ás administracións e ofrecer unha mellor atención ao cidadán.

A compra pública innovadora en Galicia

Esta iniciativa forma parte da fase de solucións do pólo tecnolóxico e industrial de Rozas, desenvolvida por Gain e a Amtega en colaboración co Ministerio de Economía, Industria y Competitividad que suma un investimento de 24 millóns de euros, cofinanciados con fondos europeos.

En total, o investimento asociado en Rozas é de 150 millóns de euros. Aos 24 millóns de euros en compra pública innovadora, súmase a posta en marcha do Centro de Investigación Aerotransportada de Rozas, con preto de 10 millóns de euros; e de que a Xunta lanzase un programa de I+D da man de Indra e Babcock, cun investimento conxunto de 115 millóns de euros que está a ser executado por máis de 30 empresas e centros tecnolóxicos de Galicia xerando, preto de 190 empregos e con compromisos de contratación que xa superan os 17 millóns de euros.

Galicia foi pioneira na utilización da compra pública innovadora, que fomenta a innovación a través da contratación pública de novas solucións e produtos que permiten ofrecer desde a Administración unha mellor atención á cidadanía. No período 2007-2013, a Comunidade executou preto do 40% de toda a compra pública innovadora que se contratou en España, en concreto 112 millóns de euros dun total de 293 e agora quere consolidar esa posición. Así, neste período 2013-2020, está a executar proxectos de CPI por preto de 100 millóns de euros.

Xunto co seu papel protagonista dentro do Plan Galicia Innova 2020, recentemente se puxo en marcha o novo programa Innpulsa CPI, a través do que a Xunta investirá preto de 32 millóns de euros para consolidar Galicia como un referente da compra pública innovadora, un instrumento que fomenta a innovación a través da contratación pública de novas solucións e produtos que permitan ofrecer desde a Administración unha resposta aos retos e necesidades da sociedade.

A XUNTA IMPULSA UN NOVO PROGRAMA DE AXUDAS PARA REDUCIR AS EMISIÓN DE PO E MELLORAR ASÍ AS CONDICIÓNS AMBIENTAIS E LABORAIS DO SECTOR MINEIRO

- *Os novos incentivos, que contarán cunha dotación de tres millóns de euros, favorecerán a aplicación de tecnoloxías novidosas e a implantación de mellores técnicas para combater esta incidencia*
- *Esta nova liña de apoios conta con dous obxectivos: a mellora da calidade do ambiente e reducir a exposición ao po dos traballadores*
- *A Consellería de Economía, Emprego e Industria aposta polo desenvolvemento dunha minería segura e sustentable capaz de crear máis valor e emprego para Galicia, a través desta iniciativa que complementa outras xa adoptadas como a Lei de implantación empresarial*

A Xunta contará cunha nova liña de axudas para mellorar as condicións ambientais e laborais das explotacións mineiras de Galicia coa posta en marcha de apoios dirixidos a empresas do sector para loitar contra a incidencia do po mineiro que mobilizarán preto de 6 millóns de euros.

A convocatoria, á que se destinarán tres millóns de euros e que será de concorrencia competitiva, ten como obxectivo favorecer a aplicación de tecnoloxías novidosas e implantar as mellores técnicas dispoñibles contra o po, tendo en conta o seu influxo tanto no contorno coma na saúde dos traballadores. Deste xeito, trátase de promover o desenvolvemento sustentable deste sector que constitúe un importante motor económico para as zonas de Galicia onde se leva a cabo esta actividade de importante impacto socioeconómico.

Nos últimos anos, a Xunta investiu preto de dous millóns de euros en estudos e proxectos de investigación para determinar os principais focos de emisión e os postos de traballo con maior risco de exposición dentro dos distintos subsectores mineiros e procesos produtivos; así como o desenvolvemento innovador de maquinaria, equipos, instalacións e sistemas que permiten minimizar a emisión de po ou a exposición dos traballadores. Este traballo culmina na convocatoria desta nova liña de axudas.

Os incentivos contarán con dous obxectivos. Por unha parte, dirixirase a investimentos para a mellora da calidade do ambiente atmosférico mediante a redución de emisións de po nas 253 explotacións mineiras activas. Neste caso, destinarase 1,5 millóns de euros, con axudas máximas de 300.000 euros e valoraranse aspectos como o tipo de problemática a resolver e a tecnoloxía a aplicar polo sistema de control e emisións; o incremento do nivel de protección ambiental sobre as normas europeas; ou a optimización dos investimentos a realizar.

Mentres que o segundo obxectivo está destinado a actuacións para a redución da exposición ao po dos traballadores, con axudas de ata un máximo de 200.000 euros. Neste caso valoraranse o tipo de investimento, o grao de exposición do posto de traballo, a porcentaxe de traballadores do centro beneficiados coa actuación e o tipo de empresa. En todas as actuacións desta orde de axudas, obterán máis puntuación os solicitantes que sexan unha pequena empresa ou micropeme.

Con esta nova medida, a Xunta volve demostrar o seu compromiso cunha minería segura e sustentable capaz de xerar valor e emprego na Comunidade e que actualmente representa o 1% do PIB e que xera 5000 empregos. Súmase a medidas como as adoptadas na nova Lei de implantación empresarial, que vén reforzar todas as garantías legais existentes, achegando seguridade e transparencia ao propietario dos terreos e blindando o contorno na busca de proxectos que aspiren á excelencia ambiental. O propio sector mineiro prevé que, grazas á entrada en vigor deste novo marco normativo, poderá xerar 800 novos postos de traballo e aumentar un 21% a súa achega ao PIB galego.

A XUNTA CUALIFICARÁ MÁIS DE 23.000 TRABALLADORES E AUTÓNOMOS DE SECTORES ESTRÁTEXICOS DA ECONOMÍA GALEGA A TRAVÉS DE 1500 CURSOS

- *A Consellería de Economía, Emprego e Industria destina á formación especializada e á carta para ocupados 13 millóns de euros para adaptar a súa capacitación ás novas necesidades do mercado de traballo*
- *Máis de 4,6 millóns de euros investiranse en formación sectorial para desenvolver 560 accións dirixidas a preto de 9200 alumnos, reservándose 1 millón para 63 cursos no naval para un millar de persoas en Vigo, Arteixo, Narón e Lugo*
- *Outros ámbitos nos que se realizará esta iniciativa serán o forestal, agroalimentario, automoción, enerxías renovables, téxtil, construción, comercio, hostalaría, transporte e sectores emerxentes e de alto potencial como o aeronáutico, a biotecnoloxía ou as TIC*
- *Destínanse máis de 1,1 millóns para a formación de 2000 autónomos en 128 accións, 3,2 millóns para cualificación transversal de 7160 alumnos e preto de 4 millóns para o recoñecemento profesional asociado á obtención de certificados de profesionalidade*
- *Deuse prioridade aos cursos con máis demanda ou de maior inserción laboral e os vinculados aos sectores emerxentes e estratéxicos para a economía galega*

A Xunta acaba de resolver as axudas destinadas á formación especializada e á carta de máis de 23.000 traballadores galegos e autónomos de sectores estratéxicos e emerxentes da economía galega nas cales inviste 13 millóns de euros para o desenvolvemento de preto de 1500 cursos. A iniciativa, que se enmarca na Axenda 20, impártese en centros e entidades formativas privadas acreditadas ou inscritas pola Administración pública para dar formación profesional para o emprego. A oferta formativa, que xa se puxo en marcha, desenvolverase ao longo de todo este ano.

A Consellería de Economía, Emprego e Industria informou hoxe no Consello da Xunta da resolución deste programa cuxo obxectivo principal é mellorar a capacitación dos traballadores adaptándoa ás novas esixencias que demanda o mercado de traballo e en consonancia cos novos retos tecnolóxicos.

Deste xeito, resérvanse máis de 4,6 millóns de euros para a cualificación de preto de 9200 alumnos pertencentes a sectores estratéxicos a través de 560 accións formativas. Os eidos nos cales se impartirán os cursos son o agroalimentario, automoción, enerxías renovables, téxtil, construción, comercio, hostalaría, transporte e sectores estratéxicos e de alto potencial como o aeronáutico e aeroespacial, a industria da saúde e do benestar, industrias creativas, biotecnoloxía, novos materiais, ecoindustria e tecnoloxías da información e as comunicacións.

Neste sentido, destaca o millón de euros destinado ao naval para a cualificación de preto dun milleiro de traballadores a través de 63 cursos que terán lugar en Vigo, Arteixo, Narón e Lugo. Impartiranse accións nas especialidades de soldadura, robótica, caldeirería ou deseño do naval, entre outros, para seguir contribuíndo a que o desemprego baixe neste sector, como xa aconteceu no último ano cando, en comparación con 2016, o paro neste eido rexistrou unha baixada do 23,76%. Ademais destes novos cursos, para a cualificación de traballadores neste sector, a Xunta puxo en marcha o pasado ano 57 iniciativas dirixidas a 883 persoas desempregadas para os que investiu 4,3 millóns de euros.

Así mesmo, a través do programa do cal se informou hoxe no Consello da Xunta, investiranse preto de 4 millóns de euros en programas para a cualificación e o recoñecemento profesional asociado á obtención dun certificado de profesionalidade de 4920 alumnos a través de preto de 330 accións formativas, así como 3,2 millóns de euros para a formación transversal de 7156 alumnos a través de 429 cursos.

Autónomos e economía social

Para os autónomos, resérvanse 1,1 millóns de euros para mellorar as habilidades de máis de 2000 traballadores por medio de 128 cursos, e para os traballadores ou socios de empresas de economía social, dedícanse preto de 30.000 euros para 75 alumnos.

Nesta convocatoria, a Xunta deu prioridade aos cursos con maior demanda ou de maior inserción laboral e os vinculados aos sectores emerxentes e estratéxicos para a economía galega, antepoñendo os relacionados coa Industria 4.0. Do que se trata é de atender os requirimentos de competitividade das empresas e as aspiracións de promoción profesional dos traballadores ao permitirilles mellorar a súa empregabilidade. Ademais, a cualificación que se imparta a través destes apoios da Xunta será catalogada polo Servizo Público de Emprego, polo que terá un recoñecemento a nivel nacional.

A formación dos traballadores galegos é unha prioridade para o Goberno galego. O orzamento deste programa forma parte do orzamento global que a Xunta destinará este ano á mellora da cualificación dos galegos (formación ocupados e desempregados) a través de diferentes actuacións entre as que destacan os obradoiros de emprego, os programas integrados ou as unidades formativas na empresa para ocupados e desempregados.

As primeiras convocatorias destas unidades xa saíron publicadas no DOG por valor de máis de 4 millóns de euros. En global, para estes dous programas destinaranse 6,35 millóns en 2018, para beneficiar a 2100 persoas. En concreto, cualifícanse desempregados con formación á carta na propia empresa que ten que comprometerse a un mínimo de contratación; e traballadores de firmas de sectores estratéxicos como

a silvicultura, transformación de madeira, fabricación de compoñentes electrónicos e ordenadores, automoción, naval, aeronáutica, fabricación de mobles, edición de programas informáticos e telecomunicacións e actividades relacionadas coa informática.

A XUNTA REFORZA DE NOVO O FINANCIAMENTO DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS CO OBXECTO DE INCORPORAR NOVOS PROFESIONAIS

- *A Administración autonómica inviste 378.337,50 euros adicionais nestes servizos con cargo ao Plan concertado de 2017, o que permite financiar 21 novos postos de traballo e ampliar a xornada completa outros 9*
- *Esta medida beneficiará 27 concellos galegos, na súa maioría de carácter rural*
- *Nos dous últimos exercicios (2016 e 2017) conségnase un incremento neto de máis de 2,3 millóns de euros no orzamento destinado a sufragar os equipos dos servizos socio-comunitarios de ámbito local, o que supuxo a incorporación de 81 novos profesionais a estes*
- *O obxectivo é manter un nivel de atención de calidade nas contornas máis próximas á cidadanía, así como garantir unha maior efectividade das medidas contra a pobreza e a exclusión social impulsadas pola Xunta en coordinación coas corporacións locais no marco da Axenda Social Única de Galicia e a Estratexia Galega de Inclusión Social 2014-2020*

O Consello da Xunta informou hoxe dun novo reforzo do financiamento autonómico dos cadros de persoal técnico dos servizos sociais comunitarios municipais no marco do Plan Concertado no exercicio 2017, investindo preto de 380.000 euros adicionais. Esta medida responde a aposta por dispoñer uns servizos sociais de calidade e proximidade e axústase aos compromisos recollidos no marco da Axenda Social Única de Galicia asinada conxuntamente pola Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) e a Rede Galega contra a Pobreza (EAPN-Galicia).

Este reforzo económico adicional aos servizos sociais básicos dos entes locais suporá a incorporación a estes equipos de 21 novos profesionais e ampliará o financiamento de 9 postos de traballo preexistentes que deste xeito pasan de ser sufragados a media xornada a selo de xornada completa, sumando un total de 30 prazas de persoal técnico que son obxecto desta ampliación da achega autonómica a estes servizos.

O dito incremento beneficia un total de 27 concellos, a maior parte deles de carácter rural: 9 na provincia da Coruña (Arteixo, Bergondo, Coristanco, Mugardos, Narón, Negreira, Noia, Rois e Teo); 7 da provincia de Lugo (Foz, Monforte de Lemos, Muras, Negueira de Muñiz, Pantón, Sarria e Vilalba); 6 da provincia de Pontevedra (Baiona, Forcarei, Mos, Rodeiro, Vilagarcía de Arousa e Vigo) e 5 da provincia de Ourense (O Barco, Carballeda de Avia, Ribadavia, San Cibrao das Viñas e Verín).

Cómpre salientar que este incremento do financiamento dos servizos sociais comunitarios dos concellos súmase ás dúas medidas xa adoptadas no ano 2016. Estas consistiron, por unha parte, na actualización á alza do 12% dos módulos económicos para o cofinanciamento do persoal destes equipos, que supuxo un investimento de

992.000 euros; e por outra, na incorporación de 60 novos profesionais a estes servizos cun investimento doutros 960.289,50 euros.

Así pois, estas dúas melloras supuxeron no seu conxunto un incremento superior a 1,8 millóns de euros no orzamento destinado pola Xunta de Galicia ao financiamento dos servizos sociais comunitarios municipais. A esta cantidade hai que engadir este incremento adicional doutros 380.000 euros con cargo ao Plan concertado de 2017, consolidándose un aumento neto de máis de 2,3 millóns de euros nos últimos dous anos o que totaliza unha suba global do 28,17% e, o que é máis importante, supuxo a incorporación de 81 novos profesionais a estes servizos de ámbito local.

Ademais, cómpre salientar que estes incrementos de financiamento acumulado no período 2016-2017 son consolidables para os exercicios futuros e que a contía total anual destinada pola Administración autonómica a sufragar os equipos sociais básicos dos concellos xa superou os 10,5 millóns de euros no exercicio 2017 fronte aos 8,2 que se destinaron no ano 2015.

O Goberno galego entende fundamental reforzar os servizos sociais comunitarios dos concellos, pois constitúen a porta de entrada das necesidades e demandas neste campo ao tratarse da Administración máis próxima á cidadanía. A esta realidade responde o incremento do financiamento e a ampliación destes equipos a través do Plan concertado, coa finalidade de manter un nivel de atención de calidade e garantir unha maior efectividade das medidas contra a pobreza e a exclusión social impulsadas pola Xunta en coordinación coas corporacións locais, e recollidas tanto na Axenda Social Única como na Estratexia de Inclusión Social de Galicia 2014-2020.

O LITORAL DE GALICIA RECUPEROU MÁIS DE 11 MILLÓNS DE METROS CADRADOS DE SUPERFICIE PARA O MARISQUEO DESDE 2010

- *Esta superficie foi rexenerada principalmente polas entidades do sector a través de distintos proxectos aprobados pola Consellería do Mar por un valor de arredor de 7 millóns de euros*
- *O Consello da Xunta analizou hoxe un informe sobre a orde que regula a convocatoria de 2018 destas axudas a proxectos financiados lo Fondo Europeo Marítimo e de Pesca, que se publicará mañá no Diario Oficial de Galicia*
- *Poderán beneficiarse destas achegas as confrarías, organizacións de produtores e entidades asociativas do sector que sexan titulares de plans marisqueiros en réxime de coxestión e teñan a sede social en Galicia*
- *A través delas, subvencionaranse actuacións en hábitats costeiros de importancia para a reprodución de organismos mariños, outras destinadas á redución da contaminación física e química e medidas como a repoboación de especies autóctonas*

Un total de 200 proxectos de acondicionamento mariño e rexeneración dos bancos marisqueiros desenvolvidos polas entidades do sector permitiron recuperar máis de 11 millóns de metros cadrados de superficie no litoral galego desde o ano 2010. Estes proxectos foron aprobados pola Consellería do Mar e subvencionados con arredor de 7 millóns de euros.

Só no marco da convocatoria do ano pasado das axudas a estes proxectos colectivos de acondicionamento mariño e rexeneración dos bancos marisqueiros, a Consellería do Mar aprobou 36 iniciativas, subvencionadas con preto de un millón de euros. Unhas axudas das que se beneficiaron 25 entidades, a maioría confrarías de pescadores.

Así o sinala o informe sobre a convocatoria de 2018 destas achegas, analizado hoxe no Consello da Xunta no que se especifica que o 52% das axudas concedidas na convocatoria de 2017 son para entidades da provincia de Pontevedra e o 48% para entidades da provincia da Coruña. Entre os proxectos subvencionados ao abeiro desta convocatoria están os relacionados coa retirada de especies exóticas potencialmente invasoras, como a caracola cañaílla; co control de poboacións de especies, como a estrela de mar e coa repoboación de especies autóctonas. Tamén hai iniciativas que inclúen accións como a remoción de substrato e achega de áridos para promover a reprodución de organismos mariños.

En relación á convocatoria de 2018 destas axudas, o informe sinala que a Consellería do Mar destina a ela preto de dous millóns de euros co obxectivo de apoiar a posta en marcha proxectos colectivos de acondicionamento mariño e rexeneración dos bancos marisqueiros, financiados polo Fondo Europeo Marítimo e de Pesca. Delas poderán

beneficiarse as confrarías, organizacións de produtores e entidades asociativas do sector, sempre que sexan entidades titulares de plans marisqueiros en réxime de coxestión e teñan a sede social en Galicia.

Así través destas axudas apoiaranse proxectos colectivos que se desenvolvan en Galicia e que teñan por obxecto recuperar hábitats mariños e costeiros en favor de poboacións de especies de interese marisqueiro ou que contribúan a unha mellor xestión ou conservación dos recursos biolóxicos mariños.

En concreto, subvencionaranse actuacións centradas en hábitats costeiros de importancia para a reprodución de organismos mariños e as destinadas á redución da contaminación física e química. Tamén as medidas de conservación que busquen protexer e conservar a flora e fauna, incluída a repoboación de especies autóctonas, aplicando os principios da infraestrutura verde da Comisión Europea. Outras accións susceptibles de axuda son as dedicadas a previr, controlar ou eliminar especies exóticas invasoras.

Estes proxectos redundan na ampliación das zonas de traballo do sector marisqueiro e na mellora da xestión e conservación dos recursos marisqueiros. Tamén permiten ás entidades do sector conservar o estado do recurso e a restauración da biodiversidade e dos ecosistemas mariños no marco de actividades marisqueiras. Ademais estes proxectos contribúen a impulsar o sector marisqueiro como elemento clave na economía azul de Galicia desde unha perspectiva medioambiental e socialmente responsable.

Os interesados en cursar as solicitudes de axuda poderán consultar os requisitos e a documentación necesaria na orde que publicará mañá o Diario Oficial de Galicia. O prazo de presentación de solicitudes será de dous meses contados desde o día seguinte á publicación no DOG. Esta realizarase por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>).